

Nesta etapa da evolución histórica do ser humano, que nos tocou vivir, desenvolvemos a maior parte do noso tempo fóra do ámbito familiar. Temos problemas de *tempo*, e os nosos horarios e obrigas laborais impiden en moitas ocasións que nos deteñamos no máis importante: a miña familia, a nosa familia,... os nosos consortes, as nosas consortes e os nosos fillos e fillas.

Con este punto de partida, plantexamos este **espazo para a reflexión**. Da man de expertos, de profesionais que moitas veces nos atopamos nos servizos públicos, queremos establecer un anaco dese tempo escaso para compartilo con outras nais e pais que teñen os mesmos problemas ca nós, pero que tamén comparten a súa preocupación por intentar dar un paso cara adiante intentando mellorar.

Propoñémonos as seguintes metas:

- *Estimular a reflexión compartida no grupo, sen dar consellos ou receitas.*
- *Reflexionar sobre a propia acción educativa dos pais e nais.*
- *Compartir con pais e nais estratexias de comunicación e de resolución de conflitos para mellorar as relacións pais/nais-fillos/fillas en Idade Escolar.*
- *Coñecer as necesidades e características dos nosos fillos e fillas.*
- *Identificar as dificultades máis frecuentes que atopamos no noso labor educativo.*
- *Adquirir estratexias para a abordaxe das devanditas dificultades.*

## PROGRAMA DE CHARLAS

*(Días 9, 23 e 30 de maio e 6 e 13 de xuño ás 19:30)*

### Día 9 de maio

*“Acoso escolar: que é, como detectalo e como o abordamos”.*

- **Dna. Isabel López Arias.** Psicóloga.

- **Comisión de Convivencia do CEP Plurilingüe de Ventín.**

Salón de Actos do IES do do Milladoiro, ás 19:30 h.

### Día 30 de maio

*“A familia e o Rendemento Académico dos nosos fillos e fillas”*

- **D. Pablo Alvar López.** Orientador do CEP Plurilingüe de Ventín.

Salón de Actos do IES do do Milladoiro, ás 19:30 h.

### Día 6 de xuño

*“As Redes Sociais no seo da familia”*

- **D. Óscar Rey** – Garda Civil

Salón de Actos do IES do do Milladoiro, ás 19:30 h.

### Día 13 de xuño

*“Sexualidade nos nosos fillos e fillas”*

- **Dna. Madalena Seco Otero.** Coordinadora do Centro de Saúde.

Salón de Actos do IES do do Milladoiro, ás 19:30 h.

# Escola de Educación Infantil do Milladoiro CEP Plurilingüe de Ventín

Asociación de Nais e Pais dos Centros Educativos do Milladoiro



Centros Educativos Públicos do Milladoiro



CEP Plurilingüe de  
Ventín

EEI do  
MILLADOIRO

Concello de Ames – Concellaría de Educación e Cultura



Concello de AMES



CEP Plurilingüe de Ventín  
Escola de Educación Infantil do Milladoiro

*Dende a Escola: Charlas para Reflexionar*